



# NADA E CORRE RIVEIRA

## CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO GALEGO 2018

### REGULAMENTO:

**Organiza:** Federación Galega de Tríatlón e Péntatlon Moderno  
Club Natación Riveira  
Email: clubnatacionriveira@yahoo.es  
Persoa de contacto: Juan Carlos Brión ( 639848546 )

**Colabora:** Concello de Riveira  
Secretaría Xeral Para o Deporte

**Data e horario da carreira:** Domingo 21 de Xaneiro de 2018  
Quecemento a partir das 9:00h  
Natación: 10:00h  
Carreira a pé: 12:00h  
Hora de remate das probas ás 13:15h

### Categorías y Distancias:

Categoría prebenxamín ( 2011 – 2010 ) 25m de natación – 250m de carreira a pé  
Categoría benxamín (2009-2008): 50m de natación – 500m de carreir a a pé  
Categoría alevín (2007-2006): 100m de natación – 500m de carreira a pé  
Categoría infantil (2005-2004): 200m de natación – 1.000m de carreira a pé  
Categoría cadete (2003 – 2002 - 2001): 400m de natación – 2.000m de carreira a pé

**LUGAR:** Complexo Deportivo a Fieiteira, A Fieiteira, s/n ; 15,960 Riveira

### Natación/ Carreira:

Piscina A Fieiteira / Pistas atletismo A Fieiteira

### Inscricións:

**Data límite o martes día 16 de Xaneiro de 2018.**

**FEDERADOS:** Formalizarase a través da páxina Web: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org) , dentro do apartado [Competicións/ Regulamentos-inscricións](#), accedendo á proba de referencia.





## DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA 1 DÍA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor ([fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)).** Custo licenza 1 día menores: 6 euros.

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados ao email [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com). Para poder validar a inscrición na proba.

## COMUNICACIÓN DE BAIXAS:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba (17 de Xaneiro de 2018). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas economicamente.

**Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.**

A listaxe definitiva de inscritos colgarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba (18 de Xaneiro de 2018).

## Premios:

- Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

## Normas de competición

Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo, tratando de conformar as mesmas en base aos tempos de nado que estimen os adestradores.

Establécese que a partir de 120 inscritos na proba, nas categorías cadete e infantil competirán dous nadadores por rúa. Non se admitirán inscricións sen o envío dos tempos. Na final estableceranse as series en función das marcas das xornadas previas.

Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría sexan máis de 20 participantes poderá haber unha saída A e outra B con igual número de deportistas, segundo a orde da clasificación da natación. A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

A carreira rexerase segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/Regulamento-Nada-e-Corre-2018.pdf>

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/REGULAMENTO-DE-COMPETICI%C3%93NS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2018-WEB.pdf>

